

**ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO
CONCERTO DO DIA DAS LETRAS GALEGAS
SÁBADO 20 DE MAIO ÁS 12.30
PRAZA DAS PRATERIAS**

O día 20 de maio ás 12:30h., na Praza das Praterias terá lugar o **Concerto do Día das Letras Galegas** que tradicionalmente organiza a Escola Municipal de Música, iniciativa que se vén sumar á ampla programación cultural e educativa da nosa cidade e que ten como centro de interese a vida e obra do escritor CARLOS CASARES, un escritor que aínda sendo fundamentalmente coñecido pola súa produción en prosa e xornalística, traballou tamén a poesía e foi motivo de inspiración para diferentes artistas Galegos do ámbito da creación musical. A EMM tamén quere axudar á difusión da obra deste importante escritor da literatura galega dedicándolle as actuacións das agrupacións musicais que van a participar neste concerto. Así mesmo, na propia escola temos un espazo no que difundiremos a través dunha publicación a biografía deste autor e as portadas de todos os seus libros cunha ficha na que se recollen os diferentes editores, deseñadores e ilustradores da súa produción literaria.

Este ano o **Concerto do Día das Letras Galegas** ten por finalidade dar a coñecer o traballo desenvolvido polas diferentes agrupacións da EMM ao longo deste curso na Escola. Nel participarán máis de 110 alumnos e alumnas, acompañados do profesorado da EMM e das súas familias.

Neste espectáculo intervirán o Coro de adultos da EMM, integrado polos alumnado máis veterano, xunto coa Agrupación de Música Tradicional e a Banda de Música de dita escola. Este concerto conmemorativo do Día das Letras Galegas está dedicado íntegramente á música galega, con obras de compositores como Simón Couceiro e Xan Montes, entre outros.

A Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela conta cunha matrícula de 441 alumnos e alumnas a partir dos 3 anos; 19 profesores e profesoras que imparten 18 especialidades instrumentais entre as que podemos salientar: 43 alumnos de violín, 36 alumnos de piano, 21 alumnos de clarinete, 20 alumnos de percusión ou 15 de saxofón, por citar algúns dos instrumentos de maior demanda. Así mesmo, conta con agrupacións musicais onde se integra o alumnado da Escola: Orquestra de Corda, Orquestra de iniciación para os máis pequenos, Banda e Banda de iniciación, Agrupación Tradicional, Agrupación de Música Moderna, Coro Infantil e Coro Xuvenil e de Adultos.

Programa Concerto Día das Letras Galegas 2017:

Agrupación de Música Tradicional e Coro de Adultos da EMMSC:

- A Santiago Voy (R. Ceratto e P. Romo. Arr. P. Pascual)
- O Tren (Andrés L. Dobarro. Arr. P. Pascual)

Banda da EMMSC:

- Balada Galega (X. Montes)
- Fantasía sobre tres temas galegos (S. Couceiro)

Agrupación de Música Tradicional da EMMSC, Banda da EMMSC e Coro de Adultos da EMMSC:

- Aí Ven O Maio (L. E. Batallán/Curros Enríquez. Arr. P. Pascual)

Máis información:

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 981 528701 info@esmucompostela.es www.esmucompostela.es

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 981 554 400 dptoeducacion@santiagodecompostela.gal
www.santiagodecompostela.gal